

## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE A.E.R. SOBRE CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL**

PLENO 30 XULLO 2013. ACTA 14/2013

Vista a moción presentada polo grupo municipal AER que se transcribe a continuación:

“Polo visto ata o de agora, parece que a tradición pesa moito neste Concello e dentro das tradicións máis asentadas está o incumprimento e/ou descoñecemento das ordenanzas e/ou regulamentos municipais.

Recentemente, a concelleira Teresa París convocou o Consello Escolar Municipal (CEM) para escoitar as necesidades dos diferentes sectores educativos e informar do ben que xestionan as obras necesarias, ademais de poñernos ao día sobre o programa compensatorio para o alumnado con risco de exclusión social no verán.

Pois ben, dende AER non compartimos esa maneira de facer política. Política de feitos consumados, de pastores conducindo o rabaño, de líderes que nos guían pola senda da verdade. Como é ben sabido, nós apostamos pola transparencia e a PARTICIPACIÓN.

No regulamento do Consello Escola Municipal establécese:

### COMPOSICIÓN E ORGANIZACIÓN

Artigo9.-Apartado 1) Son órganos necesarios do Consello escolar Municipal:

- A) O Presidente.
- B) O Pleno.
- C) A Comisión Permanente Executiva.

Apartado 2) Son órganos complementarios os grupos de traballo que se constitúan, que en todo caso serán:

Grupo de Traballo Pedagóxico.

Grupo de Traballo de Equipamento Escolar.

Grupo de Traballo de Planificación Educativa.

Pois ben, desde AER entendemos que o CEM é algo máis que unha reunión trimestral (cando se fai) para dar contas por parte do Concello e recibir peticións das ANPAs.

Entendemos que debe ser un órgano de planificación e orientación da política educativa municipal.

Por todo o anterior, e tendo en conta que sorprendentemente este ano o curso empeza en setembro, e non coma todos os anos anteriores que empezaba en setembro; para que non nos pase coma cos socorristas, ou as terrazas ou os orzamentos, ou outras moitas decisións que se toman sen a previsión necesaria, facendo das comisións un inútil acto de comparecencia, **PROPOÑEMOS:**

**Constitución con carácter urxente de:**

- **Comisión Permanente Executiva**
- **Grupo de Traballo Pedagóxico e Grupo de Traballo de Equipamento Escolar.**

**VOTACIÓN E ACORDO.-**

**A concelleira Sra. París Blanco di que no pasado curso o Consello Escolar reuniuse trimestralmente e neste non o ten feito por dificultades para conformar a súa composición, téndose falado no último celebrado sobre esta problemática.**

**Seguidamente solicita do representante de AER que retire a moción presentada aos efectos de ser tratada nun vindeiro Consello Escolar a celebrar na última semana de setembro ou primeira de outubro.**

**En virtude da deliberación producida e da petición formulada pola Concelleira Sra. París Blanco, o concelleiro Sr. Blanco Pérez retira a moción que ten presentada e que anteriormente se transcribe.**